

RESOLUCIÓN de 28 de agosto de 2026, da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, pola que se aproba a relación de persoas admitidas e a lista de agarda para cubrir as estadias en prazas de establecementos balnearios dentro do programa Benestar en balnearios para o ano 2026.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 96, do 26 de maio de 2026, publicouse a Orde do 12 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do programa de Benestar en balnearios e axudas para o ano 2026, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS607A).

O número de estadias convocadas destínase a cubrir 1.276 prazas e a súa distribución por establecementos balnearios figura no anexo IV da convocatoria.

A resolución correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no artigo 16.1 da devandita orde.

De conformidade co disposto no artigo 16.3, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións e os actos administrativos que afecten as persoas interesadas. Non obstante, e tendo en conta que a publicación destes actos pode lesionar dereitos e intereses lexítimos das persoas solicitantes, publicarase na páxina web da Consellería (<https://politicasocial.xunta.gal>) un listado cos resultados da adxudicación e da lista de agarda, en consonancia co previsto no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En virtude do exposto, e de conformidade coas facultades atribuídas,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas para cubrir as prazas nos balnearios e quendas do programa Benestar en Balnearios 2026, que figura no anexo I.



Segundo. Aprobar a listaxe definitiva de persoas en lista de agarda, que figura no anexo II.

Terceiro. A adxudicación de prazas vacantes con posterioridade á resolución realizárase, se é o caso, conforme o disposto no artigo 14 da orde de convocatoria.

Cuarto. A presente Resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente Resolución, ou impugnala directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Lugar e data da sinatura dixital.

Antonio Acevedo Prado

Director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

